

ACTA NÚM. 6 da Comisión de Seguimento do *Acordo entre a Xunta de Galicia e as organizacións sindicais CC.OO. e UGT polo que se convoca o procedemento de acceso aos graos I e II do complemento de desempeño do posto de traballo para o persoal laboral.*

Mediante videoconferencia en Santiago de Compostela reúnense ás 10.48 horas do 06.10.2023 as persoas que de seguir se sinalan: José María Barreiro Díaz, Javier Lareu Rodiño, Juan José Rodríguez Blanco, Delia Irene Martínez Conde, Víctor Gallego Víncent e Rubén Plaza Martínez.

Orde do día:

Punto Primeiro. Estudos dos supostos para o cómputo da antigüidade

En relación aos supostos para o cómputo da antigüidade aos efectos de cumprir os requisitos establecidos para o recoñecemento do grao que corresponda acórdanse por unanimidade as seguintes interpretacións:

a) Respecto ao suposto número acordado na acta número 4, a proposta das organizacións sindicais CC.OO e UGT acórdase por unanimidade que a interpretación da antigüidade quede como segue:

Suposto 3: Persoal laboral que logo de acceder a Xunta mediante a superación dun proceso selectivo, ten antigüidade noutra Administración ou entidade instrumental. Esa antigüidade computa como experiencia en Xunta, sempre que se trate de experiencia no mesmo grupo.

Así mesmo, acórdase por ser un procedemento máis eficaz na súa resolución aquelas persoas que viron desestimada a súa solicitude e que consonte este novo criterio interpretativo acaden a antigüidade necesaria para o acceso ao grao I ou grao II, segundo corresponda, e reúnan os restantes requisitos para o seu recoñecemento,



formulen o corresponden recurso extraordinario de revisión, sendo os efectos económicos do seu recoñecemento o 01.01.2022.

b) **permuta**

Acórdase por unanimidade a seguinte interpretación:

Caso de atoparse nesta Administración por ocupar un posto de traballo mediante a modalidade de permuta, computarase toda a antigüidade, do mesmo xeito que o acordado no caso de quedar integrada nesta Administración mediante concurso (suposto número 1 da acta número 4). Os efectos económicos desta interpretación son do 01.01.2022

c) **SOBRE O PERSOAL PROCEDENTE DO EXTINTO CIXTEC:**

En relación ao persoal procedente do extinto CIXTEC que non se puido integrar como persoal laboral fixo da Xunta de Galicia en virtude do Decreto 129/2012, por ter a condición de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia en situación de excedencia voluntaria por incompatibilidade.

Este persoal non lle resulta de aplicación a cláusula adicional cuarta do acordo, ao non integrarse.

Como persoal laboral fixo da Xunta de Galicia en excedencia voluntaria por incompatibilidade, podería ter dereito a un recoñecemento con efectos administrativos, entendendo que os servizos prestados no CIXTEC se consideran como prestados en Xunta, de conformidade co acordado no suposto 3.

Non obstante, a non aplicación da devandita cláusula adicional e o recoñecemento con efectos administrativos parece que da lugar a unha penalización a ese persoal que fixo posible a posta en marcha do extinto CIXTEC, por este motivo acórdase a seguinte



interpretación:

“Aquel persoal procedente do extinto CIXTEC, que non se integrou como persoal laboral fixo da Xunta de Galicia ao abeiro do Decreto 129/2012 por ter xa a condición de persoal laboral fixo ou funcionario de carreira desta Administración, que cumpra algún dos criterios de avaliación establecidos dado que xa cumpren o requisito da antigüidade, ten dereito ao recoñecemento do grao I do complemento de desempeño ou de carreira administrativa, segundo teñan a condición de persoal laboral ou funcionario respectivamente. Os efectos deste recoñecemento serán do 01.01.2022 e coas mesmas porcentaxes que as establecidas para o resto do persoal laboral ou funcionario”

Aquelas persoas cuxa solicitude de recoñecemento foi desestimada polos motivos antes expostos, poderán formular recurso extraordinario de revisión.

Punto segundo.- Estudo dos casos de cursos que estando dentro dos acordos de formación continua das AA.PP non se valoraron.

Toma a palabra o representante de CC.OO para sinalar que coa finalidade de facer posible a extensión do recoñecemento da carreira administrativa ao maior número de persoas, solicita que se teñan en conta a formación impartida pola Fundación tripartita

De seguido toma a palabra o representante de CSIF para sinalar que no caso de adoptarse o criterio de computar estes cursos, debe revisarse tamén o acordado para os baremos dos procesos selectivos derivados da Lei 20/2021, dado que unha cuestión que ten transcendencia.

A continuación UGT solicita que se valoren os cursos certificados polo Ministerio de educación e Formación Profesional de Dixitalización Aplicada ao Sector Produtivo, que se enmarcan dentro da formación para o emprego.



Toma a palabra o director xeral da Función Pública para indicar que se estudará este asunto e de aceptarse o criterio, deberá aplicarse tanto para a carreira como para os baremos dos procesos selectivos derivados da Lei 20/2021.

Punto terceiro.- Apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes de carreira a proposta de CC.OO, UGT e CSIF.

Ante a solicitude das tres organizacións sindicais para a apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes, o director xeral da Función Pública sinala que estudarase a posibilidade da apertura dun novo prazo de solicitudes este ano, con efectos económicos do 01.01.2024, que permita realizar a solicitude a aquelas persoas que acadaron a antigüidade necesaria ao longo dos anos 2022 ou 2023.

Punto cuarto.- Recoñecemento do complemento de desempeño para o persoal fixo – discontinuo.

Toma a palabra o representante de CC.OO para sinalar que existen casos de persoal laboral ao que se lle ten desestimada a súa solicitude de recoñecemento do grao do complemento de desempeño, malia a achegar certificado de servizos prestados que recollen máis de 60 meses de antigüidade, que non parece axeitado que non se computen os períodos de suspensión nos contratos de fixo – discontinuo, tendo en conta que neses períodos de suspensión non se lles permite obter unha compatibilidade.

Por último UGT a coincidencia co exposto e incide en que os servizos prestados reciban o mesmo tratamento que os trienios.

Finalmente toma a palabra o director xeral da Función Pública para indicar que o criterio adoptado pola Administración foi esixir 60 meses completos de traballo para acadar o grao I, que o acordo adoptado non recolle a posibilidade de pagar o



complemento de desempeño a porcentaxe, que pode ser unha cuestión a regular na nova convocatoria e que, de todos xeitos, estudaranse os casos formulados.

E non habendo máis asuntos que tratar, péchase a sesión as 11 horas e 10 minutos do día antes sinalado.

Santiago de Compostela, documento asinado dixitalmente

O presidente da Comisión
Director xeral da Función Pública

José María Barreiro Díaz

O secretario da Comisión
Subdirector xeral

Rubén Plaza Martínez

